

PREINSCRIPCIÓN CUALE	
Curso: 2025_2026	DNI:
Nome:	Apelidos:
Correo electrónico:	Teléfono contacto:
Marque cunha X unha soa das modalidades	
☐	CUALE A2 INGLÉS
☐	CUALE B1 INGLÉS
☐	CUALE B2 INGLÉS (Recomendamos non inscribirse no B2 se non se posúe o certificado de nivel B1)
☐	Cumpro as condicións de acceso para a modalidade solicitada (ver folia 2).
☐	Autorizo expresamente a que os meus datos persoais poidan ser tratados por parte do IES Lois Peña Novo única e exclusivamente para a solicitude de admisión ao programa CUALE
☐	Comprométome a entregar antes do 30 de xuño no enderezo ingles.ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal a seguinte documentación: - Certificación académica curso 2024/2025 - Certificación do nivel de idiomas (no caso de posuílo)

En Vilalba, a ___ de _____ de 20 __ .

En caso de menores de idade:		
Tfno familiar contacto		
Asdo.: A persoa representante legal		Asdo.: A persoa alumna

Condições de acceso:

CUALE A2: poderá cursar esta modalidade o alumnado que teña superadas todas as materias do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, e que estea matriculado no cuarto curso no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar esta modalidade o alumnado matriculado en ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio, matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos.

CUALE B1: poderá cursar esta modalidade o alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio e de grao superior que estea matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar o CUALE B1 o alumnado que posúa o certificado do nivel básico das escolas oficiais de idiomas (EEOOI) ou, se é o caso, outros certificados de nivel A2 do MCERL expedidos por entidades de recoñecido prestixio, segundo o disposto na Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas (DOG do 26 de abril).

CUALE B2: poderá cursar esta modalidade o alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de formación profesional específica de grao superior e que estea matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar o CUALE B2 o alumnado que posúa o certificado do nivel intermedio das EEOOI ou, se é o caso, outros certificados de nivel B1 do MCERL expedidos por entidades de recoñecido prestixio segundo o que dispoña a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.